

Clube Marítimo
Deportivo e Cultural


BReOGAN

O GROVE • Nº 39- 4º TRIMESTRE 2015

EDITA: C.M.D.C. BREOGÁN

Apdo. Correos nº 86 - Telf./Fax. 986 73 32 93

e-mail: clubbreogan@telefonica.net

www.clubbreogan.org

**Colaboración
con Zedtech**

**Resultados
de Xadrez**

Ceas de Empresa

**Medalla de Ouro
do Clube para
Lino Cacabelos**

**Resultados
Nacionais
e Galegos**

**Premios Gala
de Piragüismo**



Breogán e VITALDENT, levan a Tono Campos aos colexios



Durante o mes de novembro, aproveitando que Tono Campos estaba de vacacións no seu traballo como policía nacional, organizamos unha serie de charlas para nenos e nenas de 5º e 6º curso en varios colexios do noso concello. Para poder levar a cabo esta actividade contamos coa colaboración de VITALDENT; por iso iso denominamos este programa como “Breogán e Vitaldent, levan a Tono Campos aos colexios”.

CEIP Valle Inclán, CEIP Conmeniño e CEIP Rosalía de Castro foron os centros escolares que recibiron a visita de TONO Campos. En total sumamos máis de 200 escolares os que escoitaron de primeira man historias da vida deportiva e das experiencias de este deportista que conta no seu curriculum con un total de trece medallas obtidas entre Campionatos do Mundo e numerosos Campionatos de España e Campionatos Galegos.

As charlas resultaron moi amenas, con gran implicación e participación por parte dos alumn@s que fixeron numerosas preguntas ao deportista. Os asistentes ás charlas recibiron un obsequio de Vitaldent e, ademais, entraron en sorteos de camisetas e chándales do equipo de piragüismo do Breogán.



VITALDENT

Cabalgata de Reis

Un ano máis Breogán aportará o seu grao de area para que o desfile da Cabalgata de Reis leve ledicia e ilusión aos cativos, e non tan cativos, do Grove.

Neste boletín nº 39 que recolle o realizado durante o cuarto trimestre do ano 2015, non se pode deixar atrás os traballos que se están levando a cabo para que a nosa entidade estea presente no desfile do día 5 de xaneiro.

O grupo de traballo que se encarga desta función de novo está implicado na decoración de dúas carrozas: por un lado facendo e pintando os bonecos que lucirán nunha das carrozas do Concello e, que este ano irá sobre os MINIÓNS. E polo outro, facendo os traballos de decoración da carroza propia que Breogán porá nas rúas e que nesta ocasión levará o tema da PAZ: iso que tanto necesita o mundo nos tempos revoltos que nos toca vivir.

Estase a traballar con ganas e ilusión para que, dentro das posibilidades, este traballo salga o mellor posible e que guste a nosa aportación a este evento.





Liga Galega de Xadrez

A Liga Galega de Xadrez iníciase o sábado 23 de xaneiro, onde Breogán terá de novo a tres equipos en competición.

Breogán “A”: participa no Grupo B da Primeira División Galega, compartindo grupo con: Torpedo Gallaecia, XDM Cidu, Xadrez Rianxo, Mercantil de Riveira, Marquiño, CXF Banco Mediolanum, CXF Baños Print, Alexandre Bóveda “B”, EXP Ramón E. Tilve, Distribunosa Padrón “B” e Ajedrez CCD Sanxenxo.

Breogán “B”: forma parte do Grupo F da Terceira División Galega, xunto con: Escola de Xadrez Rianxo, Ajedrez Albariño “A”, Xadrez Brétema Proba, Liceo Noia “B”, CXF Deportes Roda, Distribunosa Padrón “D”, Hotel Miramar, EXP Ernesto Filgueira e CXF Mesón Derby.

ESCOLA DE XADREZ

A Escola de Xadrez sigue funcionando como é habitual, ao longo do curso escolar, e ofrece as súas clases os venres pola tarde a partires das 17,30 h. Poden acudir ás mesmas todas as persoas que estean interesadas na mellora neste deporte.



CALENDARIO EQUIPOS DO BREGÁN NA LIGA GALEGA DE XADREZ.

PRIMEIRA DIVISIÓN – GRUPO “B”

Data	Enfrontamento
23-01-16	BREGÁN “A” - Torpedo Gallaecia
30-01-16	BREGÁN “A” – XDM Cidu
13-02-16	Xadrez Rianxo - BREGÁN “A”
20-02-16	BREGÁN “A” – Mercantil de Riveira
27-02-16	Marquiño - BREGÁN “A”
05-03-16	BREGÁN “A” – CXF Banco Mediolanum
12-03-16	CXF Baños Print - BREGÁN “A”
02-04-16	BREGÁN “A” – Alexandre Bóveda “B”
09-04-16	EXP Ramón E. Tilve - BREGÁN “A”
16-04-16	BREGÁN “A” – Distribunosa Padrón “B”
23-04-14	Ajedrez CCD Sanxenxo - BREGÁN “A”



TECEIRA DIVISIÓN – GRUPO “F”

Data	Enfrontamento
23-01-16	Escola Xadrez Rianxo - BREGÁN “B”
30-01-16	BREGÁN “B” – Ajedrez Albariño “A”
13-02-16	Xadrez Brétema Proba - BREGÁN “B”
20-02-16	Liceo Noia “B” - BREGÁN “B”
27-02-16	BREGÁN “B” – CXF Deportes Rodas
05-03-16	Distribunosa Padrón “D”- BREGÁN “B”
12-03-16	BREGÁN “B” – Hotel Miramar
02-04-16	EXP Ernesto Filgueira - BREGÁN “B”
09-04-16	BREGÁN “B” – CXF Mesón Derby



CUARTA DIVISIÓN – GRUPO “A”

Data	Enfrontamento
23-01-16	Ajedrez Albariño “B”- BREGÁN “C”
30-01-16	CXF Casa Sumay - BREGÁN “C”
13-02-16	BREGÁN “C” – EXP Casino Pontevedra
20-02-16	CXF Autobuses Pereira - BREGÁN “C”
27-02-16	BREGÁN “C” – EXP Cidade de Pontevedra
05-03-16	BREGÁN “C” – CXF Casa Sumay
12-03-16	BREGÁN “C” – Ajedrez Albariño “B”
02-04-16	EXP Casino Pontevedra - BREGÁN “C”
09-04-16	BREGÁN “C” – CXF Autobuses Pereira
16-04-16	EXP Cidade de Pontevedra - BREGÁN “C”



Ceas de Empresa



Co remate da temporada e a chegada do remate do ano, téndese a celebrar as ceas de empresa, que no noso caso e máis ceas de camaradería e de celebración dun ano máis de actividade, traballo en grupo e de amizade.

Arredor de Breogán celébranse varias ceas xa que hai antig@s piragüistas que celebran a súa e outras que están máis relacionadas coa actividade actual da nosa entidade.


Cea c@s deportistas de Breogán.

No mes de decembro, no restaurante A Traíña tivemos unha cea cos nos@s deportistas como colofón a un ano de intensa actividade. Nesta cea estiveron presentes mebr@s do equipo de xadrez, de piragüismo e da Xunta Directiva.

Cea dos Papis Pitufos.

Tamén tivo lugar a cea do grupo denominados os “Papis Pitufos” que son os pais/nais dos nosos deportistas que acoden ás regatas e teñen un grupo polo que se comunican entre eles e cada vez aumenta o seu número.

Este outro grupo tivo a súa cea no restaurante Viana, a onde acudiron pais e nais e un numeroso grupo dos nos@s padexeir@s.



DEPUTACIÓN PONTEVEDRA



Na cea oficial do Breogán do Grove, celebrada no restaurante A Traíña estivo presente un bo número de deportistas das nosas actividades (xadrez e piragüismo), técnicos e directivos. Nesta ocasión a cea tivo un toque especial, xa que se o premiou a traxectoria de un dos “incombustibles” do Breogán, como é Lino Cacabelos, quen recibiu a Insignia de Ouro do CMDC Breogán.

“Lino” Cacabelos recibe a medalla de Ouro do C.M.D.C. Breogán

Este galardón é a terceira ocasión que se entrega: a primeira foi para o expresidente Jesús Casal polos anos de traballo ao fronte do Breogán e na segunda entregóuselle ao C-2 olímpico formado por Fredi Bea e David Mascato.

Lino Cacabelos é unha persoa que representa o que quere ser Breogán: unha persoa con dedicación, con humildade, con espírito de equipo e de sacrificio, etc...; Todo iso que moitas veces se intenta e non se consegue está representado en Lino Cacabelos.

Hai moitos anos que Lino se integrou no equipo de piragüismo do Breogán, onde foi de todo. A nivel deportivo estivo concentrado varios anos no equipo nacional, chegando a disputar varios Campionatos do Mundo.

Foi adestrador dos equipos de base, chegando a gañar a Liga Nacional de Infantís en tres ocasións e varias veces a Liga Galega de Promoción. Foi directivo durante moitos anos onde fixo unha gran labor petando en moitas portas buscando colaboracións que axudaran ao mantemento das actividades do Breogán.

Ata en dúas ocasións foi galardoado na Gala do Deporte do Grove pola súa “Vida adicada ao Deporte”.

Durante a pasada temporada foi o encargado de adestrar ao primeiro equipo de piragüismo do Breogán e, rematada a temporada, decidiu tomarse un moi merecido ano sabático e descansar despois de moitos anos de “pelexa” no mundo do piragüismo, sempre dende o Breogán.

Por iso, a Xunta Directiva do CMDC Breogán decidiu entregarlle a Lino Cacabelos esta Insignia de Ouro da entidade: porque o merece, porque se lle quere e porque sempre será “un dos nosos”.

HABITAT

Decoración



ZEDTECH novo colaborador do equipo de piragüismo do C.M.D.C. Breogán

Dende hai anos, o Breogán vén mantendo unha estreita colaboración co fabricante de piraguas da marca ZEDTECH, colaboración que foi satisfactoria para ambas partes.

Agora, con nova xerencia da empresa, dáse un paso máis nesta colaboración e chégase a un acordo moi interesante para a nosa entidade a cambio de que os vindeiros dous anos (tempo de duración do acordo) @s nos@s deportistas luzan na súa equipación deportiva o logo de ZEDTECH. Agardamos que este acordo se alongue no tempo.

NOVA VITRINA PARA OS TROFEOS

Grazas ao traballo e colaboración dos amigos de

GROVEAL ALUMINIO PVC, xa podemos contar con unha nova vitrina para os trofeos que se foron gañando ao longo dos anos polos nos@s deportistas.

Esta nova “infraestrutura” vén dada grazas á colaboración de GROVEAL ALUMINIO PVC, que será compensada a través de publicidade nas nosas furgonetas.

Queremos organizar un pouco esta sala cos trofeos e con outras cousas representativas da importante traxectoria deportiva dos nos@s deportistas e o club en xeral, para logo facer unha presentación da mesma e xornada de portas abertas para que, quen o desexe, poida botarlle unha ollada.



Luis A. Mestre, 76bx. 36980 O Grove
Telf. 986 730 958 Fax. 986 733 960

www.elesma.com

Actividades de Inverno

Durante a temporada de preparación invernal, desde a Comisión Técnica e a Federación Galega de Piragüismo, nos últimos anos estanse organizando unha serie de actividades de cara a que se manteña dalgunha forma o seguimento e a toma de contacto dos deportistas coa competición.

Concentración de Seguimento Cadete (14-11) participou o noso canoísta cadete de 1º ano, Iván Meis Piraguacross (21-11), acudimos a esta actividade na que primeiro se fai a carreira a pé e logo se rema, con unha ducia de padexeir@s. Natalia e Laura García, acadaron os primeiros postos entre as mulleres kaiakistas senior e Miguel Fernández foi terceiro nos homes senior canoa.

Control de Terra Infantís (22-11) cinco foron os nos@s deportistas chamados a este control: Isaac Gorrita, Lucía Devesa, Lorena Moldes, Borja Lamas e Jose Couso.

Ocean Race A Lanzada (05-12) participou o noso kaiakista senior, Yoel Alonso.

Control de Auga 12.000 m (19-12) inscribimos a 27 padexeir@s, onde Tono Campos e Diego Romero foron os primeiros entre as canoas senior; Lara Oulton impoñíase en muller canoa xuvenil, -igual posto que o de Rut Otero en mulleres veteranas-. Nuria Villacé era segunda e Natalia García terceira entre as mulleres kaiakistas senior.



Piraguacross Infantil (27-12) inscribimos a 10 deportistas pero por diferentes causas só participaron cinco; destacando o primeiro posto de Lucía Devesa en K-1 muller infantil “A”, Marta Mourelos 4ª en K-1 muller infantil “B” e Isaac Gorrita no K-1 home infantil “A”.



Segem



GESTIÓN INTEGRAL
DE PLAYAS Y LITORAL

CLASIFICACIÓN GALEGAS



LIGA GALEGA CADETE-MASCULINA

1	E.P. Ciudad de Pontevedra	772
2	C.N. Pontecesures	735
3	C.N. Ría de Betanzos	720
16	BROGÁN DO GROVE	510

LIGA GALEGA SENIOR-FEMININA

1	C.M. Ría de Aldán	836
2	Kayak Tudense	806
3	E.P. Ciudad de Pontevedra	784
6	BROGÁN DO GROVE	573

LIGA GALEGA CADETE-FEMININA

1	As Torres de Catoira	795
2	C.N. Cobres	706
3	E.P. Ciudad de Pontevedra	720
10	BROGÁN DO GROVE	582

LIGA GALEGA INFANTIL-MASCULINA

1	C.N. Pontecesures	418
2	As Torres de Catoira	410
3	C. P. Portonovo	383
7	BROGÁN DO GROVE	374

LIGA GALEGA XUVENIL-MASCULINA

1	E.P. Ciudad de Pontevedra	817
2	C. Naval de Pontevedra	798
3	C.P. Vilaboa	762
9	BROGÁN DO GROVE	677

LIGA GALEGA INFANTIL-FEMININA

1	E.P. Ciudad de Pontevedra	414
2	C.N. Pontecesures	414
3	Kayak Tudense	391
5	BROGÁN DO GROVE	386

LIGA GALEGA XUVENIL-FEMININA

1	C.M. Ría de Aldán	828
2	E.C. Ciudad de Pontevedra	804
3	C.N. de Miño	730
9	BROGÁN DO GROVE	332

LIGA GALEGA DE KAIK DE MAR

1	C.M. Ría de Aldán	248
2	C.P. Cambados	244
3	C.N. O Muíño de Ribadumia	233
6	BROGÁN DO GROVE	220

LIGA GALEGA SENIOR-MASCULINA

1	Kayak Tudense	826
2	C.P. Vilaboa	815
3	As Torres de Catoira	788
7	BROGÁN DO GROVE	728

LIGA GALEGA VETERÁNS

1	C.P. Grupo Xuvenil	775
2	As Pontes	723
3	C.N. Ría de Betanzos C.N. Cobres	692
29	BROGÁN DO GROVE	119

Restaurante - Taberna

A TRAIÑA



XIV LIGA NACIONAL-DIVISIÓN DE HONRA

1	Náutico de Sevilla	411
2	Kayak Tudense	411
3	Piragüismo Aranjuez	402
9	BREOGÁN DO GROVE	359

“COPA S.M. EL REY”- HOME SENIOR

1	Kayak Tudense	420
2	Náutico Sevilla	405
3	Piragüismo Aranjuez	399
10	BREOGÁN DO GROVE	357

“COPA S.M. LA REINA”-MULLER SENIOR

1	Kayak Tudense	414
2	Náutico Sevilla	399
3	C.N. Palma de Mallorca	393
16	BREOGÁN DO GROVE	293

XIV LIGA NACIONAL RIOS E MARATÓN

1	Piragüismo Aranjuez	420
2	Iberdrola Zamora	399
3	Piragüismo Cuenca	392
13	BREOGÁN DO GROVE	276

XIV LIGA NACIONAL “JOVENES PROMESAS”

1	Náutico Sevilla	516
2	As Torres de Catoira	505
3	Piragüismo Aranjuez	491
27	BREOGÁN DO GROVE	328

XIV LIGA NACIONAL MASTER (Veteranos)

1	Alberche Kayak	726
2	Piragüismo Aranjuez	695
3	Iberdrola Zamora	652
50	BREOGÁN DO GROVE	172

CLASIFICACIONES NACIONAIS



VICTOR OTERO PRO L


Especialistas en
Seguros de Defensa Jurídica

Allianz 

Asesoría Fiscal e Contable •

Asesoría Laboral •

Sociedades •

Administración de Fincas •

Mediador de Seguros Colexiado •

Especialista en Seguros de Vida •

Aforro e Inversión

O Corgo, 59 bajo - Telf/Fax. 986 73 31 25 - 36980 O GROVE Pontevedra

Premios na Gala do Piragüismo Galego

O piragüismo galego terá a súa festa o vindeiro 16 de xaneiro coa celebración da Gala do Piragüismo Galego, onde se entregarán os premios @s mellores da temporada 2015. Gala que se celebrará en Boiro.

Este evento será o colofón á pasada temporada e marcará o inicio da vindeira, que iniciará a competición oficial a finais de febreiro. Na Gala entregaranse os premios aos clubs gañadores das distintas ligas galegas, nas súas diferentes modalidades e categorías.

Asimesmo, entregaranse os Premios da Xunta Directiva; onde os membros da directiva da FGP elixen por votación @s que consideran os mellores en diferentes apartados.

Dentro destes premios especiais, dous virán para O Grove, xa que a XII Travesía da Toxa-XXIX Trofeo Concello do Grove foi elixido como Mellor Regata Organizada de Galicia. Asimesmo será premiada Elena Naveiro, quen recibirá o “Premio á Superación De-

portiva”. Esta deportista que volveu ao piragüismo na modalidade de paracanoe e na súa primeira temporada recibe este premio.

Os demais premios que outorga a Xunta Directiva da FGP son:

- Mellor Deportista Masculino: Óscar Carrera/Rodrigo Germade
- Mellor Deportista Feminina: Teresa Portela
- Mellor Promesa Masculina: Roi Rodríguez
- Accésit Mellor Promesa Masculina: Manuel Ochoa Fernández
- Mellor Adestrador: Daniel Brage
- Mellor Club: Kayak Tudense
- Mellor Árbitro: Marta Felpeto
- Mellor Medio de Comunicación: “SI Radio”
- Mellor Patrocinador: Deputación de Pontevedra
- Premio Especial a Traxectoria Deportiva: David Cal.

